

# REGULAMENTO



# INTERNO

## 1. PRESENTACION

Nosa escola de fútbol está en constante evolución e por este motivo esta tempada a nosa intención é superar o logrado en anos anteriores e mellorar en todos os aspectos, tanto a nivel humano, como deportivo, como a nivel organización e de xestión.

Este documento recolle de forma sistemática e concisa as nosas señas de identidade, obxectivos, actitudes, valores e normas que queremos transmitir, características dos nosos equipos, metodoloxía, planificación da tempada, os criterios de avaliación, competencias e obrigacións do noso personal, sancións, o réximen disciplinario e a nosa filosofía de traballo necesarios para desenrolar unha actividade extraescolar tan popular na nosa sociedade como é o fútbol.

A actividade que vamos a desenrolar pretende ser unha continuación do deporte educativo que se ensina no marco escolar a nivel de primaria e secundaria e o noso principal obxectivo é a formación integral dos nenos e nenas utilizando un deporte colectivo como medio para conseguilo.

Este proceso implica a totalidade da sociedade que compón a nosa escola.

## 2. FILOSOFÍA DA ESCOLA

A nosa intención é que todos os xogadores disputen máis ou menos os mesmos minutos o longo da temporada pero isto é complexo dado que non todos os xogadores teñen o mesmo nivel, os mesmos coñecementos adquiridos nin os mesmos intereses ou actitudes. Na nosa metodoloxía de traballo sen a adquisición duns mínimos coñecementos técnicos, tácticos e de condicións físicas e contraproducente para a dinámica dos equipos e para os propios xogadores que teñan os mesmos minutos de xogo sen haber superado unha fase de aprendizaxe básica. É o adestrador o que analizará a evolución de cada xogador e dará a cada un os minutos que el crea necesarios para o desenrolo da súa correcta formación, respetando sempre os criterios establecidos pola dirección deportiva.

ESCOLA  
DE FÚTBOL



### **3. OBXECTIVOS DA TEMPADA PARA OS NOSOS XOGADORES**

Coñecer os aspectos técnicos, tácticos e reglamentarios do fútbol a nivel básico.

Participar no xogo de forma activa, resolvendo as situacións ofensivas e defensivas, con un grado de execución mínimo e atendendo a constante evolución do regulamento.

Participar nas competicións dunha maneira educativa.

Potenciar a autonomía do xogador á hora de realizar actividades relacionadas con este deporte colectivo.

Practicar o fútbol nos momentos de ocio.

Desfrutar coa práctica do fútbol, aprender a saber gañar e a saber perder.

Aceptar as propias posibilidades e as dos compañeiros.

Mostrar unha actitude de tolerancia e deportividade por encima da búsqueda de eficacia e rendemento.

Aprender o respecto polos adestradores, compañeiros, rivais e normas.

### **4. ACTITUDES, VALORES E NORMAS**

#### **ACTITUDES**

Relativización da importancia do resultado. A victoria e a derrota debemos atribuíla ao esforzo persoal e colectivo.

Comprensión ante os posibles erros do árbitro, compañeiros ou adestrador.

Rexeito ante as burlas, discriminacións e ridiculizacións.

Desfrute do aspecto lúdico do deporte.

Creación dun clima de convivencia, integración e comprensión.

Formación en hábitos de práctica deportiva para ocupar o tempo libre.

Valoración da práctica deportiva coma fonte de saúde, recreación e felicidade.

Aceptación das regras do xogo.

#### **VALORES**

Deportividade, nobreza, constancia, espírito de loita, sacrificio, cooperación, colaboración, participación, compañerismo, respecto, tolerancia, comprensión, aceptación.

## NORMAS

Prohibición do uso de dispositivos móbiles durante os horarios da práctica deportiva.

Non se levarán ao campo obxectos de valor. A escola no se fará responsable das subtraccións ou pérdidas de obxectos de valor na totalidade do complexo deportivo.

Correcta utilización do material e instalacións.

Consolidación de hábitos de hixiene. Ducharse e asearse despois dos adestramentos e os encontros.

Realizar a práctica deportiva con seguridade evitando lesións propias ou do compañeiro.

Normas para a eliminación de actitudes negativas durante o xogo e fora de él.

Respetar as instalacións propias e alleas.

Respetar os horarios establecidos en todas as actividades convocadas polo club.

Utilizar a correcta vestimenta para a práctica deportiva.

Ao comezo da tempada os xogadores recibirán o equipamento de uso individual para a competición, sendo o xogador o responsábel de mantela en bo estado e hixiene. En caso de perda o xogador deberá correr cós gastos de compra dun novo equipamento.

Ao comezo da tempada os adestradores recibirán o equipamento de uso individual para a competición, así como o material deportivo e de enfermería para a súa categoría asinado, sendo os adestradores os responsabeis de mantelos nun bo estado e hixiene. En caso de perda os adestradores deberán correr cós gastos de compra correspondentes ao que houberan extraviado.

## 5. ACTIVIDADE DEPORTIVA

### COMPETICION

Os equipos de Fútbol 8 contarán con un máximo de 14 xogadores convocados.

Os equipos de Fútbol 11 contarán con un máximo de 16 xogadores convocados.

Para os partidos de competición o equipo deberá persoarse nas instalacións alomenos 45 minutos antes do inicio do encontro no caso de Fútbol 8 e 60 minutos no caso do Fútbol 11.

Os xogadores estarán **obrigados** a asistir a os encontros de competición equipados cón chándal, polo e bolsa do club onde cada xogador deberá levar o seu equipamento de uso individual, botas, caneleiras e material de hixiene. Queda **terminantemente prohibida** a utilización de prendas ou bolsas de outras institucións deportivas.

En caso de ter que ausentarse por algún motivo dun adestramento ou encontro o xogador deberá avisar ao seu respectivo adestrador coa máxima antelación, establecendo en 48h o mínimo posíbel antes da disputa dun encontro.

No momento no que o xogador chegue a instalación deberá persoarse inmediatamente ao seu adestrador.

## **XOGADORES**

Non se permitirá protestar nin realizar calquera xesto ou manifestación despectiva hacia o árbitro, adestrador, compañeiro ou rival.

En todo momento o xogador manifestará unha actitude de colaboración, apoio e axuda hacia os compañeiros, tanto no interior do terreo de xogo como dende o banco.

En relación ao contrario, non se debe provocar nin responder a accións violentas ou conductas antideportivas.

Os xogadores manterán unha actitude de respecto e disciplina ante as actividades e consignas propostas polos adestradores, coordinadores e o resto do persoal do club.

Os xogadores deberán concienciarse de que o fútbol non é unha prioridade, polo que deberán esforzarse escolarmente. Aínda que o club non é partidario de que a retirada da actividade deportiva sexa o castigo máis recomendable, no caso de que os resultados non sexan os esperados e o seu pai/nai ou titor legal o requirise os xogadores poderán ser apartados temporalmente do seus respectivos equipos ata que melloren académicamente.

## **ADESTRADORES**

Os adestradores ao igual que os xogadores deberán respetar os horarios de adestramento e de convocatoria dos encontros, salvo forza maior, previo aviso a o seu respectivo coordinador.

Non se permitirá protestar nin realizar ningún xesto ou manifestación despectiva hacia o árbitro, xogador propio ou rival.

Deberán manter o orden e a disciplina do equipo.

As correccións ou manifestacións hacia os xogadores e o árbitro serán sempre realizadas có máximo respecto e mantendo as formas.

Sea cal fose o resultado ao finalizar o encontro, os xogadores e os adestradores deberán manifestar unha actitude positiva, obviando as correccións e análise para as sesións de adestramento correspondentes.

Estarán obrigados a facer xogar a todos os convocados para o encontro durante alomenos 20 minutos, repartidos entre ambas partes, no caso do Fútbol 8 e 25 minutos en caso do Fútbol 11, exceptuándose de esta última norma o Xuvenil e o Cadete A, sempre que isto fora en beneficio dos obxectivos deportivos da entidade.

Serán os responsábeis de coordinar co seu segundo adestrador a actualización da ferramenta de xestión deportiva, onde figurarán, as convocatorias, asistencia a adestramentos ou as fichas da totalidade dos encontros disputados ata ese momento, entre outras.

Prepararán as sesións de adestramento coa súa debida antelación e tratarán de involucrar no máximo posíbel a o seu segundo adestrador na realización de estas.

Deberá informar de calquera problema ou inconvinte a o seu respectivo coordinador, antes de tomar calquera tipo de decisión.

Será responsábel xunto co seu segundo adestrador do control e posterior devolución de todo o material deportivo empregado nos adestramentos, gardandoos en orden no seu sitio asignado.

Será responsábel de controlar co seu segundo adestrador o control das duchas e vestiarios ao finalizar os adestramentos ou encontros alomenos durante 30 minutos para asegurarse do mantemento do orden.

Será o máximo responsábel de tomar as decisións técnicas respecto ás convocatorias, sancións e minutos de xogo segundo o traballo realizado durante os adestramentos, os seus esforzos e os seus comportamentos, sendo supervisadas polo respectivo coordinador e respetando sempre as indicacións mencionadas.

O segundo adestrador que actuará xeralmente de delegado será o responsábel de presentar ao árbitro a relación de xogadores e licenzas e informar a o seu respectivo coordinador no caso de calquera tipo de incidencia.

## **AMBITO SOCIAL**

E importante que os pais/nais ou titores legais manifesten unha actitude positiva durante a actividade deportiva, limitándose a apoiar e a ser un exemplo para o equipo. A manifestación de protestas, insultos ou desánimo provoca situacións que van en detrimento dos obxectivos formativos, educativos, e deportivos que debe perseguir unha escola de fútbol.

Os pais/nais ou titores legais nunca deberán dirixirse de malas maneiras a adestradores, coordinadores ou xogadores para recriminalles ou aconsellarlles cuestións técnicas, tácticas ou de comportamento.

O traballo conxunto dos pais/nais ou titores legais e os coordinadores e adestradores é vital para a educación dos nosos xogadores. Os pais/nais ou titores legais deberán dar a imaxen de respaldar sempre a o seu coordinador e adestrador.

Estar inscrito na escola non da dereito a ningún pai/nai ou titor legal a exixir que os seus fillos xoguen mais ou menos minutos. Esta é unha decisión do adestrador respetando sempre os criterios establecidos pola dirección deportiva.

Ningún pai/nai ou titor legal baixo ningún concepto poderá entrar a os vestiarios ou a calquera outro lugar durante a competición ou o adestramento para dirixirse aos xogadores, esta é función exclusiva dos adestradores.

Ningún pai/nai ou titor legal poderá ingresar ao terreo de xogo durante o transcurso dos adestramentos ou encontros.

Tanto a directiva como os pais/nais ou titores legais dos xogadores deberán aceptar as decisións tomadas polo adestrador e a dirección deportiva que afecten ao ámbito deportivo, utilizando os cauces previstos para expoñer a súa opinión ao respecto.

No caso de querer pronunciar calquera tipo de queixa os pais/nais ou titores legais deberán comunicarse única e exclusivamente co seu coordinador asignado.

## **6. AMONESTACIONES E SANCIONES DISCIPLINARIAS**

### **XOGADORES**

#### **- PUNTUALIDADE ADESTRAMENTOS**

Presentarse con máis de 15 minutos de demora con respecto á hora do adestramento sen causa xustificada:

Unha ocasión: o xogador será chamado ao orden.

Dúas ocasións: o xogador perderá a oportunidade de ser convocado no caso de que a convocatoria poida ser completamente cuberta, en caso de ser convocado, non será titular.

Tres ocasións ou máis: o xogador perderá a oportunidade de ser convocado pese a que a convocatoria poida ser completamente cuberta sen a súa presenza.

#### **- FALTAS DE ASISTENCIA ADESTRAMENTOS**

Non asistir a un adestramento sen causa xustificada:

Unha ocasión: o xogador será chamado ao orden.

Dúas ocasións: o xogador perderá a oportunidade de ser convocado no caso de que a convocatoria poida ser completamente cuberta, en caso de ser convocado, non será titular.

Tres ocasións ou máis: o xogador perderá a oportunidade de ser convocado pese a que a convocatoria poida ser completamente cuberta sen a súa presenza.

No caso de que un xogador non se persone a ningún adestramento durante unha semana sen causa xustificada non poderá ser convocado para o encontro de dicha semana salvo necesidade imperiosa por parte do club.

#### **- DEPORTIVIDADE ADESTRAMENTOS**

Pronunciarse, protestar de forma reiterada ou discutir por diferentes causas có adestrador ou un compañeiro durante o transcurso dun adestramento:

Unha ocasión: o xogador será chamado ao orden.

Dúas ocasións: o adestrador deberá valorar a decisión de retirar a ese xogador ou xogadores do terreo de adestramento e comunicar o suceso unha vez finalizado este a o seu respectivo coordinador, podendo perder a oportunidade de ser convocado pese a que a convocatoria non poida ser completamente cuberta sen a súa presenza.

Tres ocasións ou máis: o adestrador deberá tomar inmediatamente a decisión de retirar a ese xogador ou xogadores do terreo de adestramento e comunicar o suceso a o seu respectivo coordinador para a apertura dun expediente disciplinario, no que se valorará baixo consenso coa dirección deportiva a posíbel expulsión temporal do xogador da disciplina, salvo que este demostre un claro arrepentimento e a voluntariedade de

desculpase ante todos os seus compañeiros no momento previo a un adestramento. O xogador ou xogadores perderán a oportunidade de ser convocados pese a que a convocatoria non poida ser completamente cuberta sen a súa presenza.

Agredir ou intentar agredir de forma voluntaria clara e concisa a un compañeiro:

Unha ocasión: o adestrador deberá tomar inmediatamente a decisión de retirar a ese xogador ou xogadores do terreo de adestramento e comunicar o suceso a o seu respectivo coordinador para a apertura dun expediente disciplinario, no que se valorará baixo consenso coa dirección deportiva a posíbel expulsión temporal do xogador da disciplina, salvo que este demostre un claro arrepentimento e a voluntariedade de desculpase ante todos os seus compañeiros no momento previo a un adestramento. O xogador ou xogadores perderán a oportunidade de ser convocados pese a que a convocatoria non poida ser completamente cuberta sen a súa presenza.

Dúas ocasións: o xogador ou xogadores serán expulsados de maneira indefinida da disciplina do club.

**- PUNTUALIDADE ENCONTROS**

Presentarse con máis de 15 minutos de demora con respecto á hora de convocatoria sen causa xustificada:

Unha ocasión: o xogador perderá a ocasión de ser titular.

Dúas ocasións: o xogador disputará os minutos estimados polo adestrador podendo ser estes menos dos acordados previamente en común coa dirección deportiva.

Tres ocasións ou máis: o xogador non disputará o encontro salvo necesidade imperiosa por parte do club.

**- FALTAS DE ASISTENCIA ENCONTROS**

Incomparecencia ao encontro sen causa xustificada:

Unha ocasión: o xogador perderá a oportunidade de ser convocado para o seguinte encontro pese a que a convocatoria non poida ser completamente cuberta sen a súa presenza.

Dúas ocasións: o xogador perderá a oportunidade de ser convocado para as dúas seguintes semanas pese a que a convocatoria non poida ser completamente cuberta sen a súa presenza, debendo asistir obrigatoriamente a todos os adestramentos durante este periodo de tempo, salvo que este demostre un claro arrepentimento e a voluntariedade de desculpase ante todos os seus compañeiros no momento previo a un adestramento en cuxo caso a sanción será a correspondente a unha ocasión.

Tres ocasións ou máis: o coordinador, tras a apertura do respectivo expediente disciplinario valorará baixo consenso coa dirección deportiva a posíbel expulsión temporal ou indefinida do xogador da disciplina do club.



## **- DEPORTIVIDADE ENCONTROS**

Pronunciarse ou protestar de forma reiterada facendo observacións ao árbitro ou discutir por diferentes causas có adestrador, un compañeiro ou un contrario durante o transcurso dun encontro:

Unha ocasión: o xogador será chamado ao orden.

Dúas ocasións: o adestrador deberá tomar inmediatamente a decisión de retirar a ese xogador ou xogadores do terreo de xogo e comunicar o suceso unha vez finalizado o partido a o seu respectivo coordinador no caso da no presenza de este.

Tres ocasións ou máis: o adestrador deberá tomar inmediatamente a decisión de retirar a ese xogador ou xogadores do terreo de adestramento e comunicar o suceso a o seu respectivo coordinador para a apertura dun expediente disciplinario, no que se valorará baixo consenso coa dirección deportiva a posíbel expulsión temporal do xogador da disciplina, salvo que este demostre un claro arrepentimento e a voluntariedade de desculpase ante todos os seus compañeiros no momento previo a un adestramento. O xogador ou xogadores perderán a oportunidade de ser convocados pese a que a convocatoria non poida ser completamente cuberta sen a súa presenza.

Agredir ou intentar agredir de forma voluntaria clara e concisa a un contrario habendo este sido ou non amoestado ou sancionado por parte do árbitro:

Unha ocasión: o adestrador deberá tomar inmediatamente a decisión de retirar a ese xogador ou xogadores do terreo de adestramento e comunicar o suceso a o seu respectivo coordinador para a apertura dun expediente disciplinario, no que se valorará baixo consenso coa dirección deportiva a posíbel expulsión temporal do xogador da disciplina, salvo que este demostre un claro arrepentimento e a voluntariedade de desculpase ante todos os seus compañeiros no momento previo a un adestramento. O xogador ou xogadores perderán a oportunidade de ser convocados pese a que a convocatoria non poida ser completamente cuberta sen a súa presenza.

Dúas ocasións: o xogador ou xogadores serán expulsados de maneira indefinida da disciplina do club.

## **- UNIFORMIDADE ENCONTROS**

Presentarse sen a totalidade da indumentaria da súa propiedade ou sen estar ésta nunhas condicións adecuadas:

Unha ocasión: o xogador perderá a ocasión de ser titular.

Dúas ocasións: o xogador disputará os minutos estimados polo adestrador podendo ser estes menos dos acordados previamente en común coa dirección deportiva.

Tres ocasións ou máis: o xogador non disputará o encontro salvo necesidade imperiosa por parte do club.

## **- MATERIAL**

### Maltratar ou deteriorar de forma voluntaria clara e concisa material ou instalacións dependentes do club:

Unha ocasión: o pai/nai ou titor legal será o encargado de pagar os desperfectos ocasionados no caso de tratarse de xogadores menores de idade. O xogador perderá a oportunidade de ser convocado para o próximo encontro pese a que a convocatoria non poida ser completamente cuberta sen a súa presenza.

No caso de non asunción por parte do pai/nai ou titor legal dos pagos valorarase baixo consenso coa dirección deportiva a posíbel expulsión temporal ou indefinida do xogador da disciplina do club.

Dúas ocasións: o xogador ou xogadores serán expulsados de maneira indefinida da disciplina do club.

### Maltratar ou deteriorar de forma voluntaria clara e concisa material ou instalacións non dependentes do club:

Unha ocasión: o pai/nai ou titor legal será o encargado de pagar os desperfectos ocasionados no caso de tratarse de xogadores menores de idade e de trasladar as pertinentes desculpas ao órgano en propiedade do material ou as instalacións en cuestión. O xogador perderá a oportunidade de ser convocado para o próximo encontro pese a que a convocatoria non poida ser completamente cuberta sen a súa presenza.

No caso de non asunción por parte do pai/nai ou titor legal dos pagos valorarase baixo consenso coa dirección deportiva a posíbel expulsión temporal ou indefinida do xogador da disciplina do club.

Dúas ocasións: o xogador ou xogadores serán expulsados de maneira indefinida da disciplina do club.

## **- AMBITO SOCIAL**

### Pronunciarse, protestar de forma reiterada ou discutir por diferentes causas con membros da dirección deportiva ou a directiva:

Unha ocasión: o xogador será chamado ao orden.

Dúas ocasións: tras a apertura do respectivo expediente disciplinario valorarase baixo consenso entre a dirección deportiva e a directiva a posíbel expulsión temporal do xogador da disciplina, salvo que este demostre un claro arrepentimento e a voluntariedade de desculparse ante a persoa contra a que se houbera revelado. O xogador perderá a oportunidade de ser convocado pese a que a convocatoria non poida ser completamente cuberta sen a súa presenza.

Tres ocasións: o xogador ou xogadores serán expulsados de maneira indefinida da disciplina do club.

Realizar actos de forma ou non voluntaria nos que directa ou indirectamente se poida ver danada a imaxen do club:

Unha ocasión: o xogador será chamado ao orden.

Dúas ocasións: tras a apertura do respectivo expediente disciplinario valorarase baixo consenso entre a dirección deportiva e a directiva a posíbel expulsión temporal do xogador da disciplina, salvo que este demostre un claro arrepentimento e a voluntariedade de desculpase ante a directiva polos actos realizados. O xogador perderá a oportunidade de ser convocado pese a que a convocatoria non poida ser completamente cuberta sen a súa presenza.

Tres ocasións: o xogador ou xogadores serán expulsados de maneira indefinida da disciplina do club.

---

## **7. APLICACIÓN DA NORMATIVA**

Esta normativa será de obrigado cumprimento para todas as persoas vinculadas á actividade da entidade.